

PUBLI

SÉ TU PROPIO JEFE

El 35,6% de las LINEAS ICO en Galicia han sido concedidas por Grupo Banco Popular.
1 Grupo Banco Popular disposición de fondos ICO 2013 en Galicia. Fuente ICO.



-A A+

ECONOMÍA

Galicia crece a un ritmo menor que o resto de España

Etiquetas: Galicia, España, economía, crise

02/06/2014 - Galiciaé / Axencias

O segundo informe de conxuntura do Foro Económico de Galicia, sobre o primeiro trimestre de 2013, reflicte un crecemento menor da economía galega que a do conxunto de España. Coordinado polo expresidente da Xunta Fernando González Laxe e elaborado polos profesores José Francisco Armesto Pina, Patricio Sánchez Fernández e Santiago Lago Penas, o estudo analiza especialmente o mercado de traballo, o sector exterior e o balance portuario e aeroportuario.

En todos os casos, os especialistas destacaron as disparidades das fontes estatísticas, fundamentalmente a EPA, o paro rexistrado e as altas da Seguridade Social, polo que piden que non se extraian "conclusións precipitadas" e "esperar aos datos do segundo trimestre".

Nesas disparidades, sinalan o incremento da poboación parada, pero tamén o descenso do paro rexistrado, aínda que todas as fontes coinciden no incremento do paro de longa duración. Para os autores, constatouse un "punto de inflexión" no mercado de traballo, polo que é preciso esperar ao segundo trimestre, pero tamén sinalan o dato "preocupante" de que, por primeira vez, se superaron os 100.000 fogares onde todos os seus membros están desempregados.

Apunta así mesmo o informe a contribución positiva do sector exterior ao crecemento agregado do PIB galego, aínda que cun impacto menor tamén que o do conxunto do Estado, e caracterizado pola súa concentración xeográfica, sectorial e en produtos de baixa e media achega tecnolóxica.

O traballo recolle a evolución do comercio exterior galego tanto a outras comunidades autónomas como a terceiros países desde 2006 a 2013, cun saldo que era de -6.842 millóns de euros e pasou a 844,6 millóns, propiciado, fundamentalmente, pola balanza con terceiros países, que en 2013 arroxou un saldo positivo de 4.066,5 millóns de euros.

En portos e aeroportos, o informe sinala o comportamento substancialmente diferente entre as infraestruturas galegas e as do Porto, tanto o aeroporto como o porto, coas que compiten. Así, a modo de exemplo, sinalaron que entre 2011 e 2013, os aeroportos galegos perderon 400.000 pasaxeiros en Lavacolla; 200.000 en Alvedro; e 300.000 en Peinador, mentres que Sàa Carneiro gañou 300.000.

O responsable deste apartado e coordinador do traballo, González Laxe, subliñou que, ademais, no que vai de ano, a tendencia é "aínda peor" e consolídase "unha brecha moi importante" e "o mesmo sucede" no ámbito portuario, no que, ademais, Galicia perde peso no conxunto de España.

En canto ás fontes estatísticas, Santiago Lago recordou que os datos da EPA do primeiro trimestre "son moi pesimistas" e "máis negativos que a realidade", polo que a do próximo trimestre "será mellor", aínda que agregou que haberá que tomalos con moderación e sen triunfalismos.

Preguntados se con esta situación se pode afirmar que Galicia sae da crise, González Laxe recordou que no primeiro informe avanzaron que se atenuaba a situación negativa", pero insistiu en que hai que esperar datos. Sobre a afirmación do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, de que Galicia crecerá máis que o conxunto de España, González Laxe afirmou que "historicamente", nos períodos de expansión, Galicia crece menos e haberá que comprobar se se modificaron os "lastres" que xeraban esa diferenza.

En canto a se se pode crecer máis que a media, resaltou que os Gobernos fan previsións no ano anterior e vanas modificando, pero non se poden facer esas previsións en relación con outras economías, das que non se controlan as claves.

Lago abundou que, aínda que é certo que había informes privados, como o do BBVA, que afirmaban un maior crecemento galego, os datos do primeiro trimestre indican todo o contrario, que España crece máis, polo que esa predición é agora "máis difícil que hai tres meses".

Sobre que facer coas infraestruturas de transporte, González Laxe respondeu que aumentar a conectividade, usar ben os interland e que as empresas galegas utilicen esas infraestruturas.

Insistiu en que, con cinco portos e tres aeroportos, é imprescindible a coordinación de estratexias comerciais, xa que non por máis investimento vai haber máis tráfico, e preguntouse por que Vitoria se converteu na gran base do peixe conxelado e non o fixo Peinador e por que o principal exportador galego non utiliza ningún porto desta comunidade para mover os seus colectores.

Subliñou que son precisas decisións "valentes", pero, "primeiro, xogar todos no mesmo mercado" e evitar que un municipio "poida tratar de destorcer a competencia", un asunto no que o presidente da Xunta ten "a tixola polo mango" e pode dicirlles aos alcaldes que se se fan competencia ("leal ou desleal"), "perden os tres e así o estamos vendo", concluíu.

★★★★★ o'o (o votos)

PUBLI

			
¿Un Galaxy S4 por 17€? Experto en compras desvela cómo los españoles consiguen gangas aprovechando un vacío legal	Siéntete bien en casa Hasta el 70% de descuento en grandes marcas para su hogar y decoración. Inscripción gratuita!	Prosegur Alarmas Contrata antes del 31 mayo tu Alarma para el Hogar y llévate de regalo una Tablet de 7"	Desarrollo de videojuegos Domina las fases de concepción de un proyecto de videojuegos y crece profesionalmente

Publicidad 

¿Comentas?

Borraranse os comentarios que conteñan insultos e/ou contidos inadecuados. Para calquera dúbida, consulta a [guía de comentarios](#).

[Acceder](#) [Crear usuario](#)


Podes comentar sen ter que crear un usuario, pero é recomendable se queres acceder a todas as funcionalidades dos comentarios (votacións, karma, foto personalizada...)

Nick

eMail

Texto




Captcha



Escribe las cifras bajo CDBEE
Ejemplo: FEDDD seria 87999

[Cambiar por outro](#)

Un pouco de HTML está ben
Podes usar algunhas etiquetas HTML <a>, , <s></s>, <u></u>, <i></i>

-  Versión para imprimir
-  Enviar por email
-  Notificar corrección



PUBLI